

NATURAIS

A cor das follas

A cor verde das plantas débese a unha substancia chamada **clorofila**, que está nas follas e que realiza a fotosíntese.

Subliña a resposta correcta:

- A) As plantas reaccionan ante a luz, a auga ou ao contacto.
- B) Non reaccionan aos cambios que se producen no ambiente.
- C) Reaccionan mediante os órganos dos sentidos.

As plantas que producen substancias tóxicas cando son atacadas por insectos, que tipo de reacción teñen?

- a) Reacción ante a auga.
- b) Reacción ante o contacto.
- c) Reacción ante a luz.

Cal dos seguintes exemplos de plantas reaccionan ante a luz?

- a) As plantas cuxas raíces crecen cara ás zonas do chan que teñen a auga que necesitan.
- b) As plantas cuxas flores e follas cambian lentamente a súa orientación para seguiren ao sol.
- c) As plantas rubideiras que enroscan as súas ramas sobre aquilo que tocan.

En que estación do ano as plantas xermolan e renovan as súas partes verdes para facer a fotosíntese?

- a) No outono, cando hai menos horas de luz e vai máis frío.
- b) Na primavera, cando hai máis horas de luz e vai máis calor.

Como se chaman as árbores que conservan as súas follas todo o ano?

- a) Árbores de folla perenne.
- b) Árbores de folla caduca.

Completa as frases sobre a función de reprodución nas plantas.

Xerminación pistilo fecundación animais pole reprodución

1. Mediante a función de, as plantas producen descendentes.

2. A maioría das plantas reproducense mediante as flores e en varias etapas: polinización, fecundación, formación do froito e da semente e
3. A polinización é a chegada do dos estames dunha flor, ao pistilo doutra flor do mesmo tipo. O pole transportase mediante o vento ou por
4. A é a unión dun gran de pole e do óvulo. Dentro do o embrión forma unha semente e o pistilo transfórmase.

Que froitos son carnosos? Subliña

Noces cereixas mazás alméndoas nísperos
Plátanos Kiwis abelás.

CURIOSIDADES

Unha soa abella pode trasladar ata 100.000 grans de pole dunha flor a outra, nunha soa viaxe!

As cascas das sementes son moi resistentes; poden atravesar o intestino dun animal, caer ao chan e xerminar despois.

TRABALLO SOBRE AS ABELLAS

- . Onde viven?
- . Cal é a súa función?
- . Como se organizan?
- . De que se alimentan?
- . Como se comunican?
- . Como se reproducen?
- . Que pasaría se desapareceran?

Facedes este traballo na libreta de naturais.

Hai vídeos interesantes sobre as abellas. Poñedes” vídeos de abejas para niños”